

---

**Xosé Ramón Freixeiro Mato, *Onde ferve o amor por Galiza. Correspondencia do galeguismo do exterior con Sebastián Martínez-Risco (1942-1977)*. A Coruña, Deputación Provincial, 2016, 307 páxinas.**

---

Data de recepción: 27/09/2017 | Data de aceptación: 13/10/2017

Para a maioría do público lector e para as persoas interesadas na lingua galega, o catedrático da Universidade da Coruña Xosé Ramón Freixeiro Mato é coñecido por dar a lume obras hoxe de referencia no panorama da investigación (socio)lingüística feita na Galiza. Estamos a pensar, por exemplo, en títulos fundamentais como *Lingua Galega: normalidade e conflito* (quinta edición en 2002), *Gramática da lingua galega* (segunda edición en 2006), *Lingua de calidade* (2009), *Estilística da lingua galega* (2013) etc. Noutro plano de investigación, tamén hai que facer referencia aos seus libros e artigos sobre a linguaxe literaria contemporánea ou sobre a vida e a obra de figuras da cultura e literatura galegas dos séculos XIX-XX, tales como Antonio Noriega Varela, Crecente Vega, Manuel García Barros, Manuel María, Manuel Murguía, Rafael Dieste, Rosalía de Castro, Xosé Filgueira Valverde etc., algúns dos cales obtiveron recoñecemento público a través de importantes premios de investigación.

Precisamente, neste último ámbito de pesquisa é que se enmarca o último traballo de Freixeiro Mato, ou sexa, unha edición da correspondencia que mantivo Sebastián Martínez-Risco (1899-1977) –avogado, maxistrado e presidente da Real Academia Galega entre 1960 e 1977– maioritariamente con destacadas figuras do nacionalismo e do galeguismo de fóra da Galiza que se achaban no exilio ou na emigración. Un asunto de tal dimensión e transcendencia parecía requirir o compromiso das institucións que nos gobernan e é así que, recollendo esa encomenda, o libro foi publicado pola Exma. Deputación da Coruña no outono do ano 2016, após ser avaliado e seleccionado pola preceptiva comisión de publicacións do organismo provincial. Convén sinalarmos, antes de máis, que non é a primeira vez que o autor se ocupa dun vulto como Martínez-Risco: lembramos aquí os títulos *Sebastián Martínez-Risco na cultura galega* (1994), *Sebastián Martínez-Risco, ensaísta e poeta (obra inédita e esquecida)* (1996) etc. Agora, porén, trátase de documentos privados que nos permiten, tendo como eixo o xénero epistolar, aproximármonos directamente, en primeira persoa e sen filtros, dunha parte da nosa historia cultural, literaria e política nun período de tempo crucial na Galiza do século XX, como foi a ditadura de Franco.

Ao mergullarmos no libro, abrimos a porta secreta dunha parte da correspondencia de Martínez-Risco e somos capaces de partillarmos compromisos e saudades, proxectos e labores, inquietacións e desacougos, soños e desexos, para alén de co propio maxistrado, con figuras como Basilio Losada, Eduardo Blanco-Amor, Emilio González López, Emilio Pita Romero, Isaac Díaz Pardo, Juan Naya, Luís Seoane, Manuel Casado Nieto, Hugo Rocha, Xosé Neira Vilas, Xosé Núñez Búa, Xosé Ramón Fernández-Oxea e unha extensa nómina de escritores e intelectuais dese tempo. Tamén asistimos ao concurso de misivas de e para determinados colectivos e institucións, cal a Casa de Galicia de Bos Aires, a Cámara Municipal de Braga, a Comisión Organizadora dos Xogos Froroes do Idioma Galego de Bos Aires, o Centro Coruñés de Montevideo, o Centro Galego Galego de Bos Aires, a Federación de Sociedades Galegas de Bos Aires, o Consello de Galiza, a dirección da Real Academia Galega, o Padroado da Cultura Galega “do México”, a Peña Gallega “Manuel Murguía” etc.

A fin de dar conta de todo isto, Freixeiro Mato optou por estruturar a obra en varias partes. A primeira, intitulada “Introdución” (p. 13-26), é unha aproximación biográfica a Sebastián Martínez-Risco, seguida dunha sección dedicada á presidencia deste da Real Academia Galega e doutras epígrafes en que se recolle tanto a relación coa Galiza exterior do avogado como o sentimento de galeguidade nesoutra parte do Atlántico. A seguir figuran os “Criterios de escolla e de transcripción” (p. 27-30), necesario e clarificador preámbulo que explica do modo en que foron editadas as epístolas a través dunha organización cronolóxica por décadas (p. 31-277), nas cales, embora non exclusivamente, vai desfilar unha moito representativa nómina da colonia galega de Alén-Mar. Nas páxinas seguintes figuran uns “Anexos” (p. 279-286) con cinco cartas incluídas, nas palabras do editor, por “gardaren unha relación moi directa con este autor [Martínez-Risco] e co contido xeral do volume, alén de polo singular interese que posúen para o esclarecemento de feitos e xuízos previamente expostos” (p. 29). Finalmente, despois da edición propiamente dita, fínda o traballo coas “Referencias bibliográficas” (p. 287-289), cun “Índice onomástico” (p. 291-296) e cun “Índice cronolóxico da correspondencia” (p. 296-303). Hai que subliñar que este criterioso traballo de selección e publicación faise acompañar dun completísimo sistema de chamadas a ropadé, destinadas a explicaren algúns dos aspectos que van aparecendo nas cartas: aclaracións sobre cuestións culturais ou literarias afloradas nos documentos, información sobre eventos rexistrados neles, referencias a persoas citadas etc. En suma, trátase dun moito traballado aparello crítico que favorece coñecermos mellor os asuntos desenvolvidos nas cartas *de e para* Sebastián Martínez-Risco.

Os temas desas misivas reflicten os camiños por que transitaba a lingua e cultura galega –algúns certamente tortuosos–, ben como o grao de afectividade que

varios deses intelectuais mantiñan co maxistrado galeguista. Así pois, aparecen no conxunto de textos non só referencias a actos culturais, palestras e conferencias, publicacións etc., mais tamén a experiencias individuais, relacións profesionais ou persoais, aconteceres da vida cotiá etc. protagonizados polo elenco de personaxes que se documenta na correspondencia. Podemos pór unhas ilustrativas mostras ao respecto, como é o caso, por exemplo, de Isaac Díaz Pardo, que, no día 16 de novembro de 1958 (carta nº. 61, p. 83-84), escribe a Martínez Risco comunicándolle que se enteirara “da intervenzón quirúrxica a que estivo sometido” o letrado, o que levou o artista a lle transmitir os seus “votos” para que se ache “completamente restabrecido”. Nun outro texto, redixido na capital bonaerense no día “6 de febreiro de 1961” (carta nº. 66, p. 93), Xosé Neira Vilas maniféstalle a súa “máis cordial, sincera e afervoadada noraboa pola honrosa e xusta diñificación, recaída en Vde., pra rexir os destinos da nosa Academia”, ou sexa, cando foi electo presidente da institución. Por seu turno, desde A Coruña, no día 14 de outubro de 1963, o propio Martínez-Risco (carta nº. 143, p. 166) remite unha misiva ao escritor portugués Hugo Rocha agradecéndolle o “trato verdadeiramente íntimo coa terra e cos homes da Galiza, trato que lle permite ofrecela aos demais con verdade e interpretala con fidelidade”. Máis un exemplo podería ser o seguinte: en 8 de setembro de 1965, Valentín Fernández, desde a cidade de “Bos Ars” (carta nº. 170, p. 190-191) fai partícipe o presidente da Real Academia Galega de “que a remesa das dazasete mil pesetas que irán vía Montevideo” para editar a “múseca de Adalid” era xa unha realidade, non sen certa problemática para a súa consecución: “eiqué toxos e froles mesturanse e non podemos a veces facer as cousas como ben quixeramos”. Así as cousas, compromiso co país e coa cultura galega, por un lado, e diferentes percursos vitais, por outro, entrelázanse tematicamente nas 265 epístolas de aquí e de alí, cidadosamente reproducidas polo filólogo da Universidade da Coruña.

Mais os documentos editados polo profesor Freixeiro Mato tamén nos ilustran sobre cuestións dunha índole distinta, de carácter máis sociolingüístico e gramatical, segundo se pode verificar con só revermos os excertos sinalados no anterior parágrafo. Desta forma, os documentos redixidos en galego (e hainos tamén en portugués e en español) eríxense nunha valiosa fonte de información a respecto da conformación dun modelo de galego culto. Nese tempo, que abranxe practicamente todo o franquismo e que se proxecta aínda máis dous anos após a morte do ditador, estamos na época do galego coñecida como “supradialectal”, na clásica e citada interpretación de Carballo Calero (1974), ou, máis modernamente, na etapa “protoestándar”, na terminoloxía de Fernández Salgado & Monteagudo Romero (1995). Na altura, a única referencia modelar de galego formal é a literatura e (por que o non recoñecemos?) as cartas que redixía a intelectualidade, con solucións ortográficas, morfolóxicas, sintácticas e características vocabulares proxectadas

desde o galego literario, sempre a experimentaren cos recursos do idioma e concedendo á escrita unha singular polimorfía e poligrafía só superada de vez a partir do proceso de normativización de finais do século XX. Como afirma o propio editor, non “había, pois, un modelo asentado de galego utilitario para o seu uso na correspondencia e estas cartas mostran as dificultades para a súa construción, mais tamén os avances que progresivamente se foron producindo. Había que construír un modelo de galego epistolar acaído para as persoas do mundo cultural –moitas das que escriben estas cartas–, mais igualmente para outras de fóra dese ámbito, e de aí a relevancia tamén lingüística que estas cartas posúen” (p. 29).

Retomando estas palabras de Freixeiro, temos de notar que a axuda perante esas “dificultades” a que fai referencia non podía provir das gramáticas. Saberem aquelas persoas se o plural de *xornal* tiña de ser *xornais*, *xornás*, *xornaes* ou até *xornales* era unha cuestión que non podían clarexar acudindo á literatura especializada, nin tampouco eran capaces de solucionar as hesitacións diante de sistemas pronominais do tipo *iste / ista / isto* ou *este / esta / esto*, nin tamén non podían eliminar as dúbidas entre diferentes posibilidades morfolóxicas como *ao ~ a-o ~ ô ~ ó, até ~ ata, bo ~ bon, despois ~ dempois, facer ~ faguer, pór ~ poñer, traer ~ tragner* etc. Os tratados gramaticais do Rexurdimento (Cuveiro, Saco Arce, Valladares etc.) ficaban xa certamente lonxe, aínda que a obra de Saco Arce coñeceu unha segunda edición en Ourense no ano 1967. Por súa vez, os textos de natureza gramatical do primeiro cuartel do século XX (R. A., Lúgris Freire, Couceiro Freijomil etc.), algúns deles vinculados ás Irmandades da Fala, ficaban, por causa da paréntese e das consecuencias da Guerra Civil, igualmente afastados. E os traballos de Carré Alvarellos (1967) e de Carballo Calero (1979) chegaron xa serodiamente. Quere todo isto dicir, por tanto, que a correspondencia privada vai posibilitar detectarmos a maior parte dos fenómenos lingüísticos igualmente presentes nas obras literarias da altura, reflectindo tanto construcións gramaticais e formas vocabulares dotadas dunha grande expresividade e enxebriedade idiomáticas canto elementos que poderíamos denominar claramente hoxe en día interferencias lingüísticas, razoabelmente non contempladas na variedade padrón.

Entre estas, achamos casos de *boeno* como marcador discursivo (*Boeno, agardo que poidas aceitar a invidación* etc.), falsas flexións de número ou de xénero (*faroles, nise orden, o viaxe, quenes, valores sociais* etc.), léxico tomado directamente do español ou adaptado desde esta lingua (*aislamiento, conteñendo, hasta e hastra, precio, reconocemento, rendir, xunio* etc.) ou mesmo formas inexistentes de determinados pronomes referenciais (*E con elo non fixen máis que contribuir, Elo é debido, Elo non quita* etc.). A vontade diferencialista explica, por súa vez, a utilización doutra forma de españolismos por parte dos responsábeis das cartas, cal é a constituída polos pseudogaleguismos, quere dicir, elementos lexicais coincidentes

por evolución co castelán aos cales se aplica un verniz galeguizador baseándose en determinadas equivalencias (por veces falsas) entre ambas as linguas (*ambiente, american, brillantez, conferencias, emocionado, esceas, segredario, sincera, preno, peninsua* etc.). Esa mesma ansia diferenciadora tamén ilustra como foi entendida a utilización de creacións vocabulares marcada e falsamente “enxebrizadas”, algunhas xa recorrentes en finais do século XIX (*defendemento, imprimir* etc.), e igualmente dá idea da vontade diferencialista na procura de autenticidade lingüística o emprego do infinitivo flexionado fóra do que ditaminan as regras para o seu uso: tal é o que acontece cunha P6 empregada para se referir a unha P1, conforme se ve no excerpto *A miña xeira por isas terras, da que tiveren por vostede a pirmeira noticia, vai perfíandose; mais ó compás do adianto da idea e da súa execución, tamén adianta o meu temor de non estaren á outura da empresa e dos desexos de vostedes.*

Nese longo itinerario na constitución da linguaxe literaria, as variedades populares de galego, nuns casos por reflectiren a fala coloquial e noutros por se significaren como formas diferenciais, están igualmente presentes nas epístolas de Martínez-Risco, como o demostra a presenza de fenómenos de alteración tímbrica de vogais átonas (*antre, dibuxo, direito, millor, museca, íntema, pidindolle, somellantes* etc.), a vocalización de certas consoantes oclusivas en posición silábica posnuclear (*adautar, adoución, carauter, coleitividade, director* etc.), os casos de acrecentamento ou supresión de vogais (*amostran, admirado, admirador, difficile, favore, útil, idea* etc.; *espranza, esprito, garimoso* etc.) ou mostras de rotacismos, metáteses e de flutuación entre consoantes líquidas (*crara, crásicas, compretados, incruído, pirmeiro, probe, probremas, prubica, simplemente* etc.).

Na altura, por outra parte, o idioma continuaba estilisticamente a ser tinxido con algunha sorte de axuda ortográfica, gramatical ou vocabular procurada no galego antigo, recurso que comezou a ser empregue en finais do século XIX coa (re)descuberta da tradición literaria medieval; de aí que tanto na literatura culta como tamén nestas cartas se poida corroborar tal recorrencia, segundo se observa en formas como *capíduos, cibdade, conoscer, conquerir, cordiaes, culturaes, donna, door, froaes, maor e mor, maxistraes, merescido, outa e outho, parescer, persoaes, profesioaes, ren, vegada* etc. Outrosí, o sufixo tradicional *-zón* ou *-són*, largamente utilizado a partir das Irmandades da Fala e do Grupo Nós e preferido con clareza pola *Gramática* de Carré Alvarellos (1967), aparece frecuentemente nos documentos editados por Freixeiro Mato, conforme verifican os exemplos de *comunicazón, confirmazón, realizazón, soluzón, impresón, satisfaiazón* etc. Tamén se achan abundantes mostras de elementos que hoxe, coa existencia dunha norma padrón, son identificados ás claras como locais ou dialectais, cal é a exemplificación de *dimpois, eiquí, il, faguendo, ises montes e ise mar, indicaiós, informaiós, tragemos* etc.

A recorrencia ao portugués como ferramenta de modernización lexical e mecanismo de diferenciación a respecto do español, práctica aplaudida polo propio Sebastián Martínez-Risco detectábel xa en finais do século XIX e que vai ser recorrente desde o primeiro cuartel do século XX, coñece na correspondencia editada algúns exemplos, nomeadamente de formas que con moita probabilidade fosen inexistentes na oralidade popular da época; tal é o que nos inspiran formas como *adeuses*, *amizade*, *até*, *Deus*, *encarregada* e *encarregado*, *estudos*, *Galiza*, *gosto*, *meio*, *liberdade*, *pobo*, *porén*, *proprio*, *tudos* etc. E en último lugar, chama poderosamente a atención a notoria variabilidade dalgunhas solucións morfolóxicas, como é caso do sufixo *-bel* e do seu plural, conforme se verifica en *posibel*, *posible*, *posibre*, *impagábeles*, *agradábeles*; ás veces esa polimorfía aparece no mesmo autor e até no mesmo documento, segundo corrobora o seguinte exemplo tirado dunha epístola de Cándido A. González do día 14 de setembro de 1961 (carta nº. 104, p. 129-131): *certas xenreiras ineispricabres formaron un crima propicio para que as cousas fosen máis sensibeles*. Nestes medios, dentro da polimorfía e poligrafía que caracteriza o conxunto desa correspondencia, ten igualmente certo interese podermos constatar como, dependendo da persoa a que fose dirixida a carta, o autor puido facer utilización non xa de linguas diferentes, español ou galego, mais tamén, dentro desta, de determinados trazos gramaticais e de certo vocabulario máis próximos do portugués. O propio Sebastián Martínez-Risco parece exemplificar tal proceder, pois en misivas que envía a personalidades ou entidades portuguesas detéctanse formas máis coincidentes coa variedade lusitana: así, nun texto dirixido a Francisco José Velozo datado no día 21 de marzo de 1957 (carta nº. 52, p. 77) e noutro encamiñado para Amândio César asinado en 21 de xaneiro de 1958 (carta nº. 54, p. 78-79) documéntase o nome *Galiza*, ao paso que nunha misiva que manda a Xosé Núñez Búa con data de 14 de marzo de 1961 (carta nº. 76, p. 102-103) se detecta *Galicía*.

Como resulta obvio, todas estas fenomenoloxías lingüísticas fican ben lonxe de seren sistemáticas ou regulares, pois están condicionadas, por un lado, polo estilo persoal de cada autor, que seleccionou estas ou aquelas posibilidades seguindo o seu propio sentir do que debía ser a variedade culta do galego; nestes medios, por exemplo, a misiva de Hygino Martínez Estévez do Aninovo de 1961 (carta nº. 107, p. 133) opta por unha grafía etimoloxista ou reintegracionista, o que transpárese necesariamente no vestido do contido espistolar (*assistença*, *moços e moças*, *linhas*, *professor*, *senhor*, *sympathia*, *seja*, *qual*, *técnica* etc.). E, por outro lado, tamén esas fenomenoloxías están moito relacionadas co vagaroso proceso de constitución da lingua escrita, o que fixo que determinadas prácticas fosen sendo esquecidas progresivamente conforme ían transcorrendo os anos; así, nas décadas de 40 e 50 son moito máis comúns os usos de acentos circunflexos (*ô inglés*, *nôs* etc.), os hifens

(en casos de encontros causados por fonética sintáctica: *co-a*, *i-acabou*, *i-eu*, *pol-a* e *pol-o*, *que-o* etc.) e os apóstrofos (tamén no dominio da confluencia entre a esfera fónica e a sintáctica: *d'isa*, *d'oxe*, *pol'a* e *pol'o*, etc.) do que o serían en finais dos anos 60 e a partir de 1970, avanzando así na mordenización ortográfica.

En resumo, esta nova obra do profesor Freixeiro Mato contribúe eficazmente para revelar unha parte da nosa historia cultural e literaria máis recente, tanto desde o propio país como desde as colonias do exilio e da emigración ultramarina, identificadas saudosa e elocuentemente nunha carta de Isaac Díaz Pardo datada no día 24 de novembro de 1955 como as “terras nas que ferve o amor por Galiza”, expresión en que se inspiraría o editor para intitular o libro. Mais a obra, ao mesmo tempo, vira un testemuño certamente de grande utilidade para repararmos con datos precisos no longo proceso de constitución da variedade culta do galego, agora tamén desde o ámbito de documentos privados, nos cales transparecen todas as hesitacións e conseqüentes solucións lingüísticas que foron sendo ensaiadas naqueles tempos. Parabéns, por tanto, para o responsábel desta ilustrativa edición e parabéns, igualmente, para o público interesado en tales temáticas, que conta desde xa cun sólido traballo centrado na figura de Sebastián Martínez-Risco e nas súas relacións coa Galiza emigrante e exiliada.

## Referencias

- Carballo Calero, Ricardo (1974). “La constitución del gallego en lengua escrita”, *Verba* 1, 31-40.
- Carballo Calero, Ricardo (1979). *Gramática elemental del gallego común*. 7ª edición. Vigo: Galaxia.
- Carré Alvarellos, Leandro (1967). *Gramática gallega*. A Coruña: Editorial Moret.
- Fernández Salgado, Benigno, & Monteagudo Romero, Henrique (1995). “Do galego literario ó galego común. O proceso de normalización na época contemporánea”, en Monteagudo, Henrique (ed.), *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*, 98-176. Vigo: Galaxia.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (1994). *Sebastián Martínez-Risco na cultura galega*. Santiago de Compostela: Laiovento
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (1996). *Sebastián Martínez-Risco, ensaísta e poeta (obra inédita e esquecida)*. Sada – A Coruña: Edicións do Castro.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2002). *Lingua galega: normalidade e conflito*. 5ª edición. Santiago de Compostela: Laiovento.

Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2006). *Gramática da lingua galega*. Vol. I. *Fonética e Fonoloxía*. Vol. II. *Morfosintaxe*. Vol. III. *Semántica*. Vol. IV. *Gramática do Texto*. 2ª edición. Vigo: A Nosa Terra.

Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2009). *Lingua de calidade*. Vigo: Xerais.

Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2013). *Estilística da Lingua Galega*. Vigo: Xerais.

*Xosé Manuel Sánchez Rei*